

Curso de guitarra con Marco Socías

Concerto: día 18 de abril de 2018,
20:15 horas (entrada libre)

Curso: días 19 e 20 de abril,
de 10:00 a 20:00 horas

Auditorio do CMUS Santiago

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



COLABORAN:



INSCRIPCIÓN:

(mandar estes datos no mail, non no pdf)

Nome _____

Apelidos _____

Data nacemento _____

Dirección _____

Teléfono _____

Mail _____

Obras a traballar (só activas/os) _____

ORGANIZACIÓN

Departamento de Guitarra

CMUS Santiago

Av. Monte dos Postes S/N 15703 Santiago

Xosé Antonio Rodríguez

Tlfno.: 665 262546

Mail: xaramais@gmail.com



Marco Socías naceu en Málaga nunha familia de pianistas. Recibiu a súa educación musical na cidade natal e posteriormente en numerosos cursos de perfeccionamiento e na Musikhochschule de Colonia (Alemaña). Entre os profesores que máis significaron para a súa formación están Carmen Gallardo, Antonio Company, José Tomás, José Miguel Moreno e David Russell. Á idade de 21 anos conseguiu unha cátedra de guitarra, praza da que actualmente está en situación de excedencia, convertíndose así no catedrático máis novo de España.

Foi premiado en varios dos concursos internacionais de guitarra máis prestixiosos, como o “Infanta Cristina” (Fundación Guerrero, Madrid) en que obtivo o primeiro premio, “Le Printemps de la Guitare” (Bélxica) e o Concurso Internacional de Gargnano (Italia).

É invitado regularmente aos principais festivais internacionais de Guitarra e, ademais da súa intensa actividade como solista por toda Europa, Oriente Próximo e EE.UU., actúa frecuentemente en grupos de cámara (actualmente algúns dos seus proxectos son con músicos de la Filharmonica de Berlín) e como solista con orquesta. Actuou en salas da importancia do Concertgebouw de Amsterdam, Philharmonie de Berlín, Auditorio Nacional (Madrid), Konzerthaus (Viena), Konzerthaus (Berlin) e Alte Oper (Frankfurt) e foi solista en orquestras como a Radio Sinfonie-Orchester de Berlín, Orquesta Ciudad de Granada, Orquesta Sinfónica de Galicia, Orchestra Regionale del Lazio (Italia) e a Orquesta Nacional de Cuba. Entre los directores con los actuou destacan Josep Pons, Víctor Pablo Pérez, Odón Alonso e Leo Brouwer.

Polo momento gravou oito CDs, principalmente de música española. Os últimos son o realizado por Harmonia Mundi, en que se inclúe o “Concierto de Aranjuez” e a “Fantasía para un Gentilhombre” coa Orquesta Ciudad de Granada dirixida por Josep Pons, e un recital con música do Maestro Rodrigo para EMI. Actualmente Marco Socías é profesor do Centro Superior de Música Musikene, en Donostia.

MATRÍCULA

Activos (alumnado do CMUS): 70 €

Activos (de fóra do CMUS): 100 €

Oíntes: 20 €

O alumnado que participe como activo terá dereito a dúas clases individuais de 45 min. entre os días 19 e 20 de abril, en horario de mañá ou tarde. O departamento de Guitarra organizará os horarios do curso e concerto, respectando na medida do posible a dispoñibilidade dos matriculados. Recoméndase facer constar as preferencias horarias no mail ao enviar o formulario.

As prazas adxudicaranse por orde de chegada dos formularios, que **deberán vir acompañados do resguardo** de pago da matrícula no seguinte número de conta:

IBAN ES04 2080 0348 3030 4001 1278

BIC CAGLESMMVIG

Non se admiten envíos por correo ordinario; só a través do mail que figura nos datos de contacto, onde tamén se pode consultar calquera posible dúbida.

O número de prazas para activos é de 10. A inscrición pecharase o día 16 de abril de 2018, ou no momento en que se completen as prazas. Non hai límite de prazas para oíntes.

Non se poderá anular a matrícula nin solicitar a devolución do ingreso unha vez efectuado.